



Concello de Oza-Cesuras

RESOLUCIÓN DO ALCALDE

ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral temporal das persoas que cubrirán o cadro de persoal para o “Programa da Deputación Provincial de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais – PEL CONCELLOS REACTIVA, anualidade 2021 composto por:

- Un oficial de segunda durante 4 meses.
- Tres peóns durante 4 meses.

CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a dita provisión establécese que rematado o prazo de presentación de instancias dictarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web do concello, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes que se encargará de levar a cabo o proceso selectivo e o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

No penúltimo párrafo do apartado 7 das Bases que han de rexer para a dita provisión sinalase que No caso de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, e sempre que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, non será preciso a realización do proceso de selección.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes listaxes provisionais de admitidos e excluídos no proceso das persoas que cubrirán o cadro de persoal para o “Programa da Deputación Provincial de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais – PEL CONCELLOS REACTIVA, anualidade 2021”:

a) Listaxe provisional de admitidos e excluídos no proceso de selección para a contratación laboral dun oficial de segunda durante 4 meses:

- O único candidato presentado e **admitido** é o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI
GARCÍA LÓPEZ, JOSÉ MANUEL	***4272**

- Non se exclúe a ningún candidato.

b) Listaxe provisional de admitidos e excluídos no proceso de selección para a contratación laboral de tres peóns durante 4 meses:

- Os candidatos **admitidos** son os seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI
MOLINA PALAZÓN, VIRGILIO	***0101**
PEREZ TABOADA, JOSE CARLOS	***7272**
OTERO OTERO, JOSE ANTONIO	***9315**

- Os candidatos **excluídos** e os motivos da súa exclusión son os seguintes:

Apelidos e nome	Motivo de exclusión
Regos Bugallo, Enrique	Non estar incluído na situación de exclusión social sinalada na solicitude de participación das esixidas na base 2.1.f) das que rexen a convocatoria





Concello de Oza-Cesuras

SEGUNDO: O aspirante excluído dispón dun prazo de 5 días, contados a partires da publicación deste anuncio na páxina web do Concello para subsanar as circunstancias que motivan a súa exclusión. A non presentación da documentación no prazo indicado suporá a exclusión definitiva do candidato no procedemento.

TERCEIRO: Publicar na páxina web do Concello, a lista provisional de admitidos e excluídos, aos efectos oportunos.

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

